

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

Encontro de escritores novos no Pazo de Mariñán

Unha xeración literaria á procura de discurso

AELG e Dirección Xeral de Xuventude convocan este venres e sábado uns vinte autores 'entre dous séculos' para debater sobre literatura dende a súa xeración.

Redacción - 14:25 26/09/2008

"Unha xeración existe cando ten conciencia de seu" escribe Francisco Castro, coordinador deste [III Encontro de Escritores Novos 'Entre dous séculos'](#). Existe, en calquera caso, cando ten uns temas, estilo e uns condicionantes comúns, literarios ou sociais, na súa escrita. Dende este punto de vista pódese considerar que moitos dos autores, novos todos, que entre venres e sábado debaterán no [Pazo de Mariñán](#), fan parte dunha xeración literaria definida. Seguramente á procura dun discurso sólido e con máis puntos de unidade que os actuais, se é que aínda vivimos en tempos nos que a solidez discursiva está de moda.

Os debates xirarán dende os máis puramente literarios e estilísticos (venres ás 16 horas, 'Cartografías literarias no novo século, con Oriana Méndez, [Mario Regueira](#) e [Rubén Ruibal](#), moderados por María Xesús Nogueira) até os contextos nos que estes autores desenvolven a súa actividade, tanto en relación coas editoriais coma cos medios de comunicación (venres, ás 18.30 horas, 'Presenza e invisibilidade dos/as escritores/as na sociedade actual', con Ana Acuña, Iolanda Aldrei e Samuel Solleiro, moderados por Elvira Riveiro).

O sábado terá lugar unha mesa redonda que, sen pretendelo, vaise colocar no centro da principal polémica da semana no mundo cultural galego: o debate ao redor do premio 'González Garcés'. Como comenta Antía Otero, que participa na organización das xornadas dende a Asociación de Escritores, "até o de agora nestes encontros de novos escritores non se tratara de forma específica o tema de Internet; e é inevitábel fácelo, posto que para todos nós é unha realidade que está aí, e que os máis de nós utilizamos no noso traballo literario, dun ou doutro xeito". A partir das dez menos cuarto da mañá [Lara Baceilo](#), Leo F. Campos e o propio Eduardo Estévez debaterán sobre 'A literatura, Internet e as novas tecnoloxías', moderados por Francisco Castro. As xornadas pecharanse cunha mesa destinada a tratar o tema 'Literatura, sociedade e nación', con Carlos Negro, María Reimóndez e Rafa Villar, coordinados por Marta Dacosta.

Xa o sábado pola tarde, a *xeración* farase presente cun recital que terá lugar no [Museo de Belas Artes da Coruña](#) (rúa Zalaeta, s/n). Será un exemplo desta nova literatura galega, non só pola xuventude dos autores participantes, ou polos seus estilos e temas particulares, senón polas propias características do recital, no que a palabra estará acompañada doutros elementos, como a música ou a imaxe, necesariamente ligadas á

creación poética contemporánea. En 'Antes mortas que solemnes' participarán [María Lado](#) e Lucía Aldao, Celso Sanmartín, Enma Couceiro, [Estibaliz Espinosa](#) e [O Leo](#), pechando o acto García (de Dios ke te Crew) cantando a Celso Emilio Ferreiro.